



Boletín de Medio Ambiente



Xunto ao antigo **faro de Cabo Vilán**, coñecido como Faro Vello, levantouse tempo despois o **primeiro faro eléctrico de España**, proxectado en 1885 por Francisco Lizárraga e Adolfo Pequeno.

As obras deste faro moderno e eléctrico víronse aceleradas por un dos naufraxios más destacados na Costa da Morte: o do **buque inglés Serpent**, un 10 de novembro de 1890, en Punta do Boi, no cal faleceron 172 homes e só salváronse 3 dos seus tripulantes. Os falecidos foron enterrados no Cemiterio dos Ingleses. E un **15 de xaneiro de 1896** inauguruouse ao fin o **novo faro de Cabo Vilán**.

Fonte: Turismo Camariñas

Noticias

Están os galegos preocupados polo medioambiente?

O país do mil ríos ten un problema. As análises que realiza periodicamente Augas de Galicia indican que **108 das 394 masas de auga observadas presentan contaminación**. Nos caudais galegos observáronse niveis altos de sustancias como o fósforo ou o amonio, sobrepoblación de insectos, vertidos de chumbo e mercurio ou compostos como o octilfenol, utilizado na fabricación de produtos de limpeza. Ese 25 % de ríos contaminados non escapa á percepción dos veciños da comunidade, que teñen aquí a **súa maior preocupación mediambiental**.

Segundo a última enquisa elaborada por Sondaxe, **sete de cada dez galegos senten interese e preocupación polos problemas do medioambiente**. A principal inquietude é a contaminación dos ríos, lagos, arroios e augas subterráneas. Un 46,2 % responde neste sentido e, para dous de cada dez galegos, é o primeiro tema que máis lles preocupa.

Fonte: La Voz de Galicia

Praia dos cristais de Laxe: de vertedoiro a sitio turístico

De funcionar como o "patio traseiro" desta localidade da costa coruñesa ha pasado a estar indicado como un dos lugares que merece a pena visitar nas viaxes polo norte de Galicia e **parada obligatoria no roteiro douces Faros**. Falamos da **Praia dos cristais de Laxe**, antes coñecida como a Praia dos Botiños.

Os maiores do lugar ainda lembran como se baleiraban camións enteiros de botellas e residuos nas proximidades desta pequena cala, situada detrás do vello cemiterio. Despois de décadas depositando lixo, o mar devolvéunola transformada na beleza de miles de cristais puídos pola resaca e as fortes correntes da zona.

A praia dos Cristais ben pode lerse como unha mensaxe testarudo da natureza pedíndonos conciencia.

Fonte: Quincemil

As bolsas de papel reducen en España 84.500 toneladas CO2 na atmosfera

As bolsas de papel utilizadas anualmente en España contribúen á loita contra o cambio climático almacenando 84.500 toneladas de CO₂, un aforro equivalente ás emisións anuais de calefacción e auga quente de 50.000 fogares, segundo datos dos fabricantes asociados en 'labolsade-papel'. Desde a campaña lembran que as árbores absorben o CO₂ da atmosfera para alimentarse e crecer. De feito, a fibra de madeira, a celulosa coa que se fabrica o papel, é un hidrato de carbono.

As árbores que se plantan e cultivan nas plantacións que se utilizan para a fabricación de bolsas de papel, ao ser especies de rápido crecemento como o piñeiro e o eucalipto, son precisamente debido a esa característica os que máis CO₂ absorben. O eucalipto, por exemplo, fixa anualmente o dobre de carbono que o castiñeiro e cinco veces máis rápido que a aciñeira.

Estas plantacións para papel rexuvenécese ademais periodicamente coas tallas de aproveitamento e a consecuente rexeneración e replantación. E son as árbores novas, os que están a crecer, os que máis CO₂ absorben, explican, polo que os cultivos de madeira a partir da que se fabrica o papel son grandes sumidoiros de CO₂ que axudan a frear o cambio climático.

Fonte: Ecoticias

Que son e para que serven as terras raras?

Acháronse en Xapón unhas 16 toneladas de terras raras. Trátase dun total de 17 elementos: escandio, itrio, lantano, cerio, praseodimio, neodimio, prometio, samario, europio, gadolinio, terbio, disprosio, holmio, erbio, tulio, iterbio e lutecio.

Reciben este nome porque a maioría son escasas na cortiza terrestre e chámase-lles terras no sentido de que se poden disolver en ácido. Ben é certo que hai excepcións e algunas delas si teñen unha presenza importante no día a día.

Fonte: Ambientum

O IDAE publica unha versión actualizada da guía para poner en marcha instalacións de autoconsumo enerxético

O Instituto para o Aforro e a Diversificación Enerxética (IDAE), dependente do Ministerio para a Transición Ecolólica, publicou unha nova versión, actualizada e completada, da guía para facilitar a cidadanía a tramitación e posta en marcha de instalacións de autoconsumo enerxético. Entre as súas principais novidades, o documento incorpora unha folla de roteiro que explica, en cinco pasos, os requisitos e potenciais beneficios do autoconsumo en fogares. Nesta publicación explícanse, por exemplo, as diferentes fórmulas de xestión dos excedentes –a enerxía producida e non autoconsumida polas instalacións- ou o tempo necesario para amortizar o investimento de instalar un sistema de autoconsumo, que pode ser de entre 6 e 10 anos para un fogar de catro residentes.

Ademais, amplíase a parte dirixida a profesionais, empresas e administracións con nova información técnica; un apartado de "quen é quen", no que se explica o papel que xoga cada un dos actores involucrados na instalación de sistemas de autoconsumo; unha sección sobre a tramitación autonómica e unha listaxe de boas prácticas destinadas a concellos e entidades locais.

Fonte: eysmunicipales

Sabías que...

Suecia compra lixo para xerar enerxía. Cada sueco produce de media, aprox., unha tonelada de lixo por fogar e ano. Só un 4% dos residuos dos cidadáns suecos acaban nunha entelleira. O resto incinérase para producir enerxía. Cando queda sen este recurso, Suecia compra lixo.

Fonte: Ecología verde

Mestura informativa

RECETA ECOLÓXICA: Gachas de avena e mazá BIO

Estas gachas, tamén coñecidas como **porridge**, é unha receita para un gran almorzo, moi completo, ideal para afrontar mañás longas de traballo: os copos de avena son un grán aliado para almorzar en persoas que non aguantan ben toda a mañá con outras formas de cereal como o pan ou as galletas.

A avena achéganos gran cantidade de **fibra e hidratos de liberación lenta** que farán que dispoñas de enerxía durante máis horas. Ademais son un gran aliado para controlar os niveis de colesterol en sangue.

O feito de usar **bebida vexetal** fai que sexa unha receita apta para veganos. As **sementes de liño** achégannos graxas saudables omega-3 e multitud de vitaminas, minerais, antioxidantes e máis fibra. **As pasas** darán un punto de dulzor ao almorzo e colaboran tamén no achegue de fibra. **As especias** achegan moito sabor e antioxidantes principalmente. Almorzo ideal para persoas con tránsito intestinal lento...

Fonte: Farmaciabio

A vespa asiática, especie invasora, non ten límites

Agosto é tempada alta, tamén para a vespa asiática, que **fai xa sete anos que chegou a España para quedar**. E si ao comezo eran exclusivamente as zonas rurais as más afectadas, a capacidade invasora desta agresiva especie está alcanzado nos últimos anos tamén ás zonas urbanas.

Cada vespa asiática pode capturar entre 25-50 abellas ao día, ás que mata cun golpe de mandíbula, para despois descortizalas e levalas ao seu niño para alimentar ás súas larvas.

Fonte: Ecoticias

Anfaco busca dar un uso más valioso a algas que agora se usan como aboa-mento

Espirulina, agar agar, wakame, spaghetti de mar... Son algas que, ben como aditivo ou usado como ingrediente principal dun menú, **xa deron o salto das praias á mesa**. Á mesa... e ás cremas, aos centros de masaxes, ás herboristerías, ás farmacias... Pero así como esas xá se aproveitan e explótanse, hai outros sargazos, que se coñecen dabondo e que, con todo, non se consumen, cando tamén poderían ser empregados para alimentación humana, aplicacións biomédicas e cosméticas, nutrición en acuicultura, etcétera.

Ese é precisamente o obxectivo do proxecto Algalup, unha iniciativa de ámbito internacional que lidera a patronal conserveira Anfaco-Cecopesca, e que busca **impulsar a explotación sustentable dos bancos naturais de macroalgas**, esas extensións de sargazo que tanto proliferan pola costa galega, pero tamén na de Portugal

Fonte: La Voz de Galicia

O 90% de docentes quere máis presenza de educación ambiental e o 17% unha materia específica, segundo un estudo

Os resultados forman parte dun estudo sobre unha educación ambiental realizado polo periódico MAXISTERIO para Naturaliza, o proxecto de educación ambiental de Ecoembes. O seu obxectivo é achegarse á visión que teñen os docentes sobre o estado e a importancia da educación ambiental nos centros educativos en España. A esta enquisa responderon 349 profesores/as de todas as etapas educativas, de centros públicos, privados e concertados, e de todas as comunidades autónomas.

Fonte: Miteco

Boas Prácticas



Criterios ambientais na licitación de recollida e transporte de residuos domésticos de Nerbioi-Ibaizabal

Municipio: Udaltalde 21 Nerbioi Ibaizabal (sociedade pública de nove Concellos dos que é medio propio e servizo técnico) como poder adjudicador e contratante, apoiado pola Oficina Comarcal de Sustentabilidade.

O Servizo de recollida e transporte dos residuos domésticos na Comarca Nerbioi-Ibaizabal (Bizkaia) expón uns niveis de esixencia ambiental elevados. Partindo dun prego-base como punto de partida, a Oficina Comarcal de Sustentabilidade solicitou o asesoramento de Ihobe para precisar as cláusulas ambientais a integrar.

Así, na súa concreción o detalle final dos aspectos ambientais incorporados no prego é o seguinte: O OBXECTO DO CONTRATO: "Este servizo executarase con métodos, prácticas, produtos e maquinaria respectuosos para o medio ambiente e a saúde laboral"....

Fonte: Udalsarea21

Aberto o prazo para presentar as candidaturas españolas aos Premios Europeos de Medio Ambiente

A Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica abriu o prazo de inscrición para presentar as candidaturas á nova edición dos Premios Europeos de Medio Ambiente á Empresa (EBAE), na súa sección española. Os premios, organizados desde 1987 pola Comisión Europea, convócanse para recoñecer a aquelas empresas que combinan con éxito a viabilidade económica dos seus negocios coa protección do medio ambiente mediante a innovación na xestión...

Fonfe: La Voz de Galicia

País Vasco e Navarra, as Comunidades que mellor cumplen os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable marcados pola ONU

O País Vasco e Navarra encabezan o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (**ODS**) en España, segundo o informe 17X17 Análise sobre a sustentabilidade en España 2019, realizado polo **Observatorio da Sustentabilidade (VOS)**, a consultora **AIS Group**, especialista na construción de indicadores, e Fundación Cidadanía. Aragón quedaría en terceiro lugar, mentres que Asturias, Castela e León, Cataluña, A Rioxa e Madrid están nunha zona intermedia. Baleares, Cantabria, Castela-A Manchá, Comunidade Valenciana, Estremadura e Galicia ofrecen aínda un alto grao de mellora. No último tramo sitúanse Andalucía, Canarias e Murcia.

Fonte: Eysmunicipales

Axenda Ambiental

- Prémio "Alimentos de España Mellores Queixos". O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 26 de Setembro de 2019 (este inclusive). Varias modalidades.

Voluntariado Corpo Europeo de Solidariedade en Finlandia en desenvolvemento sustentable.